



Quenes somos?

O Partido Galego é un partido político de centro galeguista de ámbito autonómico que nace coa intención de representar a todas as persoas que se senten galegas e españolas o mesmo tempo e que consideran que Galicia é unha comunidade autónoma que conta cunha cultura e unha lingua propia diferenciadas do resto de comunidades.

Ideas programáticas Ribeira

1. Benestar social

- Melloraremos o servizo de información, orientación e asesoramento social.
- Melloraremos o servizo de axuda no fogar.
- Melloraremos o servizo de inserción, convivencia social e aloxamento.
- Aumentaremos a atención á dependencia.
- Persoas discapacitadas:** Promoveremos a integración social das persoas con discapacidade.
- Diversidade cultural:** Realizaremos campañas de inserción das diversas culturas do concello.
- Infancia:** Realizaremos campañas contra o bullying e protección do menor.
- Igualdade:** Apostaremos pola igualdade real entre todas as persoas, sexan homes, mulleres, nenos ou maiores.

2. Deporte

- Acondicionaremos as instalacións deportivas do concello: pistas, pavillóns, campos de fútbol.
- Organizaremos campionatos escolares deportivos.
- Potenciaremos os deportes do mar como o remo ou vela.

3. Economía

- Comercio:** Potenciaremos os negocios do Mercado Municipal.
- Rehabilitaremos zonas comerciais mediante a mellora do casco urbano.
- Organizaremos eventos comerciais.
- Consumo enerxético:** Instalaremos paneis solares nos edificios públicos.
- Creación de emprego:** Crearemos un Plan de Emprego pensado en todas as xentes de Ribeira.
- Desenvolvemento rural:** Apoiaremos proxectos empresariais vinculados ao medio rural.
- Industria:** Ofreceremos naves industriais en réxime de aluguer con opción a compra.
- Melloraremos e acondicionaremos o actual polígono de Xarás.
- Hostalaría:** Rehabilitaremos zonas que impulsen a hostalaría e implantaremos ciclos formativos relacionados ca mesma.
- Pesca:** Apoiaremos a pesca artesanal e os cultivos.
- Acondicionaremos as instalacións do porto pesqueiro de Ribeira (pantaláns, iluminación, casa do mar...).
- Creación dun selo de denominación de orixe.
- Fomento da actividade pesqueira en escolas e institutos.
- Turismo:** Promocionaremos rutas culturais naturais e de interese turístico.
- Fortaleceremos a oficina de información turística.
- Faremos promoción de programas festivos, patrimonio natural, etnográfico e histórico.

4. Educación

- Melloraremos e acondicionaremos as infraestruturas dos centros públicos.
- Realizaremos actividades extraescolares nos centros públicos.
- Ampliaremos as axudas ao transporte escolar da educación post-obrigatoria e universitaria.
- Dotaremos dun servizo gratuito de transporte escolar para o alumnado de bacharelatos e ciclos formativos.

5. Lingua e cultura

- Fomentaremos o seu uso mediante a realización de concursos de literatura, música, teatro, etc. .
- Restauraremos os carteis que conteñen a toponimia dos distintos lugares do concello.
- Crearemos exposicións de artistas locais.
- Realizaremos actividades nas casas da cultura parroquiais.
- Crearemos unha banda de música municipal.

6. Medio ambiente

- Fomentaremos a cultura da reciclaxe mediante a realización de charlas.
- Instalaremos contedores de reciclaxe.
- Demandaremos a creación dunha central de biomasa para poder sacar proveito dos nosos montes.
- Dotaremos de zonas verdes o casco urbano.
- Fomentaremos a plantación de frondosas.
- Faremos unha recuperación ambiental de espazos degradados: ribeiras, ríos, brañas, canteiras, portos, praias... .
- Faremos campañas de sensibilización para evitar o abandono de animais.

7. Parroquias

- Limpeza de cunetas.
- Mantemento de beirarrúas.
- Mantemento de luminarias.

- Limpeza de ríos e restauración de lavadoiros.
- Asfaltado de pistas.
- Limpeza de parques.
- Colocación de paneis informativos.
- Realización de actividades nas casas da cultura.
- Mellora do servizo de recollida do lixo.
- Mellora do transporte público.

8. Participación cidadá

- Abriremos o concello un día a semana polas tardes.
- Crearemos uns orzamentos participativos.

9. Sanidade

- Dotaremos dun médico a tempo completo o centro de saúde de Palmeira e Corrubedo.
- Melloraremos as instalacións do centro de saúde de Ribeira.
- Ampliaremos o persoal do centro de saúde de Ribeira.
- Dotaremos dun médico a domicilio as parroquias que carecen de centro de saúde.
- Dotaremos dun psicólogo o centro de saúde de Ribeira.
- Crearemos unha UCI no Hospital do Barbanza.
- Ampliaremos os servizos e as especialidades no Hospital.
- Aumentaremos o número de camas para hospitalización.
- Ampliaremos o servizo de diálise.
- Melloraremos o servizo de atención a drogodependencia.
- Axudaremos as asociacións de loita contra o cancro, lupus, Alzheimer, etc. .

10.Seguridade e mobilidade cidadá

- Realizaremos unha correcta sinalización de tráfico (pasos de peóns, carril bici, espellos, etc.).
- Crearemos unha correcta regulación do tráfico no centro de Ribeira.
- Melloraremos a accesibilidade para persoas con mobilidade reducida.

- Melloraremos o servizo de transporte público.

11.Ordenación territorial

- Infraestruturas:** Crearemos unha alameda detrás do grupo escolar.
- Remataremos a estación de autobuses.
- Construiremos unha nova biblioteca.
- Construiremos un museo do mar.
- Construiremos un parque de caravanas.
- Construiremos unha circunvalación acorde coa cidade.
- Urbanismo:** Elaboraremos un novo Plan Xeral de Ordenación Municipal.
- Habilitaremos aparcadoiros públicos e a baixo prezo.
- Dotaremos as rúas de Ribeira dunha iluminación apropiada centrándonos en bens de interese cultural como o concello, igrexa, monumento, mercado...
- Melloraremos a zona portuaria.

- Vivenda:** Rehabilitaremos vivendas abandonadas no casco urbano para poñelas en réxime de aluguer e crear baixos comerciais.

12.Xuventude e voluntariado

- Elaboraremos un Plan de Emprego Xuvenil.
- Crearemos grupos nas escolas de nenos e maiores nos que ambas xeracións poderían aprender mutuamente.
- Protexeremos as asociacións sen ánimo de lucro existentes no concello.
- Poñeremos en funcionamento a casa da xuventude.



partidogalego.gal



Partido Galego Ribeira



Partidogalegoribeira

*O PARTIDO QUE GALICIA
PRECISA*



E QUE PRECISA RIBEIRA